



## Guía de acceso aos recursos informáticos da EET

### Servizos Informáticos do Ámbito Tecnolóxico

[siatec.webs.uvigo.es](http://siatec.webs.uvigo.es)

[siteleco@uvigo.es](mailto:siteleco@uvigo.es)

A Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (EET), xunto cos outros dous centros que conforman o ámbito tecnolóxico da Uvigo (Minas e Industriais), dispón do servizo denominado Servizos Informáticos do Ámbito Tecnolóxico (SIATEC, <http://siatec.webs.uvigo.es>), que consta de persoal informático integrado nos Servizos Informáticos da Área de Tecnoloxía da Información e Comunicación (ATIC) da Uvigo.

Nesta guía, proporciónase unha relación dos servizos e recursos informáticos dos que se dispoñen nos diferentes ámbitos da EET, e dos procedementos establecidos para facer uso deles por parte da comunidade universitaria, e que se resumen a continuación:

Ámbitos	Recursos	Servizos
Xeral UVigo	Rede de datos. Telefonía. Redes Wi-Fi. Correo-e + espazo web.	Xestión de IPs, altas/traslados de liñas telefónicas, configuración e xestión de contas de correo, etc.
Xeral EET	Listas de distribución de Correo-e. Acceso a espazos con lector biométrico. Empréstito de material Informático. Pantallas Informativas da EET. Web da EET. Aula Informática de libre acceso. Xestión de Incidencias.	Xestión de usuarios das listas de correo-e, rexistro de pegadas de usuarios de lectores biométricos, control de material informático de empréstito, xestión de contidos dos paneis informativos e da web da EET, e xestión de incidencias.
Docencia	Laboratorios Informáticos PCs en aulas de teoría Pizarras Electrónicas Gravación de clases Control de Asistencia Matrices de video Sinatura electrónica	Instalación/actualización de software, xestión de contas de usuarios, rexistro do control de asistencia, soporte técnico sobre sinatura electrónica, etc
Administrativo	Parque de PCs do persoal administrativo Impresoras/Escáneres Postos de Consulta Software Específico Sinatura Electrónica	Instalación, configuración e actualización de hardware/software, xestión de incidencias relativas á sinatura electrónica, etc.



## 1. Ámbito Xeral da UVigo.

Neste ámbito proporciónanse servizos xerais que son comúns a toda a UVigo, e que teñen que ver principalmente coa infraestrutura da rede de datos e telefonía da UVigo, xunto con outros recursos informáticos de carácter xeral como poden ser a xestión de contas de correo corporativas (@uvigo.es), xestión de aloxamento de webs persoais e grupais. A relación destes servizos e procedementos pódense atopar na páxina do Servizo da Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación (ATIC, [http://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/administracion/atic/](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/atic/)), no apartado “Formularios”.

## 2. Ámbito Xeral da EET.

### 2.1 Listas de distribución de correo-e.

A EET posúe unha estrutura xerárquica de listas de distribución de correo-e xestionada polo SIATEC. As listas de correo-e son de gran utilidade á hora de difundir información entre os membros da comunidade universitaria relacionada coa EET. Esta estrutura xerárquica de listas permite integrar a un conxunto de listas de distribución de correo-e específicas destinadas aos membros dos distintos colectivos que forman parte da EET, ao tempo que permite delimitar os destinatarios dos correos-e en función da natureza dos mesmos.

Hai creadas listas específicas para PDI, PAS, Investigadores e Alumnos, entre outras. As listas de distribución de correo-e da EET levan todas o sufixo **teleco-** e se pode atopar a súa relación na web da EET (<http://eet.uvigo.es/index.php/gl/a-escola/administracion-e-servizos/listas-correo>).

A información relativa a cada unha das listas de correo da EET, xunto cos requisitos e procedementos para subscribirse/desubscribirse, atópanse na páxina de información da propia lista.

Máis información ou incidencias relativa ás listas de correo-e en [siteleco@uvigo.es](mailto:siteleco@uvigo.es).



## Guía de acceso aos recursos informáticos da EET

Servizos Informáticos do Ámbito Tecnolóxico

[siatec.webs.uvigo.es](http://siatec.webs.uvigo.es)

[siteleco@uvigo.es](mailto:siteleco@uvigo.es)

### **2.2 Acceso a espazos con sistema de lector biométrico (lector de pegadas dixitais).**

Na EET hai espazos (xeralmente aulas e laboratorios) aos que se accede a traveso dun lector biométrico de pegadas dixitais.

A xestión destes espazos biométricos depende do SIATEC, e os usuarios que precisen acceso deberán solicitálo seguindo as ligazóns correspondentes que se atopan en [siatec.webs.uvigo.es](http://siatec.webs.uvigo.es).

### **2.3 Empréstito de material informático.**

A EET posúe un parque de ordenadores portátiles, que poden ser obxecto de empréstito por parte da comunidade universitaria da EET e mesmo de fóra dela. O SIATEC xestiona estes empréstitos, e as solicitudes deberán cumprimentarse a traveso da web do SIATEC ([siatec.webs.uvigo.es](http://siatec.webs.uvigo.es)) ou da ligazón que se atopa na sección “Impresos | Infraestructuras | Solicitud de Uso de Material do Centro”.

### **2.4 Pantallas informativas da EET.**

Existen dúas pantallas informativas no hall da entrada principal da EET. As solicitudes de publicación de contidos nas mesmas deberán ser remitidas por correo-e a [siteleco@uvigo.es](mailto:siteleco@uvigo.es). Estes contidos deberán ser preferentemente imaxes en formato panorámico (16:9), e indicando data de caducidade.

### **2.5 Web da EET.**

O mantemento do contido da web da EET (<http://teleco.uvigo.es>) corre tamén a cargo do SIATEC, en estreita relación cos provedores de contidos da mesma como son a propia dirección da EET, secretaría de alumnado, xefatura de estudos, etc.

### **2.6 Aula Informática de libre acceso (B005).**

A aula informática de libre acceso (B005) está xestionada polo SIATEC e dispón de 15 postos de traballo, nun horario que abrangue xeralmente dende as 09h ata as 19h de luns a venres.



## Guía de acceso aos recursos informáticos da EET

Servizos Informáticos do Ámbito Tecnolóxico

[siatec.webs.uvigo.es](http://siatec.webs.uvigo.es)

[siteleco@uvigo.es](mailto:siteleco@uvigo.es)

Pódese consultar o horario actualizado na web da EET, no apartado “A Escola | Administración e Servizos | Aulas Informáticas” (<http://eet.uvigo.es/index.php/gl/a-escola/administracion-e-servizos/aulas-informaticas>).

### 2.7 Xestión de Incidencias.

Para a notificación de calquera incidencia/comentario/suxestión relacionada cos servizos prestados polo SIATEC na EET, os usuarios deberán comunicalo a traveso do formulario de incidencias, na ligazón que está dispoñible na web do SIATEC.

## 3. Ámbito Docente.

No que atinxe á docencia na EET, o SIATEC atende á xestión dos laboratorios docentes e ás aulas de teoría dotados con material informático.

### 3.1 Laboratorios Docentes.

Son aqueles nos que o alumnado e mailo profesorado dispoñen de recursos informáticos para levar a cabo ás prácticas das diferentes materias que se imparten neles.

A relación actual de laboratorios docentes atendidas polo SIATEC é a seguinte: AS01 ao AS07, B002, BS02, BS03, BS04, LD01, LD08, LD09, T105 e T215.

Previamente ao comezo de cada curso académico, o SIATEC requerirá ao profesorado para que notifiquen o software que precisarán para impartir a docencia, cumprimentando un formulario por cada unha das asignaturas implicadas. Este formulario atópase baixo o epígrafe “[Solicitud de instalación de software en labs docentes](#)” na web do servizo ([siatec.webs.uvigo.es](http://siatec.webs.uvigo.es)). Unha vez feita a solicitude por parte do profesorado, o SIATEC fará as instalacións oportunas, e comunicará ao docente a resolución da súa petición.

Nos laboratorios docentes, existe un usuario xenérico en cada posto de traballo no que poder iniciar sesión e traballar, a saber:

*usuario:*        *alumno*

*contrasinal:*   *alumno*



## Guía de acceso aos recursos informáticos da EET

Servizos Informáticos do Ámbito Tecnolóxico

[siatec.webs.uvigo.es](http://siatec.webs.uvigo.es)

[siteleco@uvigo.es](mailto:siteleco@uvigo.es)

Calquera incidencia hardware/software relacionada cos laboratorios docentes, deberá ser comunicada ao SIATEC, facendo uso da ligazón de incidencias de [siatec.webs.uvigo.es](http://siatec.webs.uvigo.es).

### 3.2 Aulas Docentes con PC.

A maioría das aulas de teoría da EET dispoñen dun sistema informático de apoio para uso exclusivo do docente. Este sistema componse, ademais do proxector de video, dun PC e unha matriz de video (ver 3.6).

Nas aulas docentes, os docentes poderán utilizar o PC facendo uso dun usuario Windows específico do dominio local. Este usuario é o seguinte:

usuario: profesor  
contrasinal: [solicitar ao persoal do SIATEC]

Calquera incidencia relacionada cos PCs das aulas docentes, deberá ser comunicada ao SIATEC, facendo uso da ligazón de incidencias de [siatec.webs.uvigo.es](http://siatec.webs.uvigo.es).

### 3.3 Taboleiros Electrónicos.

A EET dispón de aulas dotadas con taboleiros electrónicos (ademais do taboleiro tradicional). A relación actual de aulas dotadas con este sistema son: T101 e T211. Para poder utilizalos, compre utilizar o software específico instalado no propio PC da aula. Contacte co SIATEC para máis información.

### 3.4 Aulas de Gravación de Clases.

A EET posúe na actualidade unha aula (T101) dotada con sistema de gravación de clases. Contactade co SIATEC para máis información ao respecto.

### 3.5 Rexistro do Control de Asistencia.

No equipo informático do profesor nas aulas e laboratorios docentes, atópase instalada unha aplicación que permite cumprimentar o requisito do control de asistencia. Para máis información ou incidencias ao respecto, contactade co SIATEC.



### 3.6 Matrices de video en aulas e laboratorios docentes.

Na meirande parte das aulas como nos laboratorios docentes, os docentes poderán proxectar no canón de video, ben o video procedente do PC, ben o video procedente doutra fonte auxiliar (p.e. portátil) vía o conector VGA auxiliar dispoñible na mesa. Para elo, hai que seleccionar a opción correspondente na matriz de video situada xeralmente sobre a mesa do profesor. Esta matriz de video dispón de dous indicadores luminosos, que se activan con senllos botóns da propia matriz de video, de xeito que permite seleccionar a fonte do video a proxectar polo canón de video, atendendo á seguinte táboa:

indicadores luminosos da matriz de video	proxecta video de
verde + verde	PC
ROXO + ROXO	cable auxiliar (portátil, outros)

Para máis información, contactade co SIATEC.

## 4. Ámbito Administrativo.

Os servizos administrativos da EET posúen un amplo parque informático, que inclúen dispositivos como PCs, impresoras, escáneres, lectores de tarxetas, postos de consulta, etc.

O SIATEC encárgase de xestionar a instalación, configuración e actualización do hardware e software. A Secretaría de Alumnos da EET tamén funciona coma entidade delegada para obter a sinatura electrónica, co apoio e soporte de incidencias do SIATEC.

Calquera incidencia informática relacionada co ámbito administrativo da EET, deberán comunicala ao SIATEC a traveso do formulario de incidencias dispoñible na web do servizo.

## 5. Web do SIATEC ([siatec.webs.uvigo.es](http://siatec.webs.uvigo.es)) e datos de contacto.

Na web do SIATEC (accesible tamén dende a portada da web da EET ou dende a sección “A Escola | Administración e Servizos | Servizos Informáticos”), atoparás ademáis dos datos de contacto do persoal que conforma o servizo, tódalas ligazóns



# Guía de acceso aos recursos informáticos da EET

Servizos Informáticos do Ámbito Tecnolóxico

[siatec.webs.uvigo.es](http://siatec.webs.uvigo.es)

[siteleco@uvigo.es](mailto:siteleco@uvigo.es)

ás que fai referencia este documento. O aspecto actual, na parte tocante á EET, é a seguinte:



Universidade de Vigo

Servizos Informáticos do Ámbito Tecnolóxico  
Telecomunicación / Minas / Industriais

[siatec@uvigo.es](mailto:siatec@uvigo.es)

## Persoal

Técnicos	Teléfono / FAX	Ubicación
Luis J. Olivares Requejo	+34 986 812248 / 812116	Teleco. Despacho C104
José Luis Vidal Fariña	+34 986 812248 / 812116	Teleco. Despacho C104
José Luis Rios Beis	+34 986 811939 / 811924	Minas. Despacho M3

## Ligazóns

**EET** ESCOLA DE  
ENXEÑARÍA DE  
TELECOMUNICACIÓN

- [siteleco@uvigo.es](mailto:siteleco@uvigo.es)
- [Guía de Servizos](#)
- [Notificación de incidencias](#)
- [Reserva de portátiles](#)
- Acceso a ubicacións con lector biométrico:
  - [Alta / Modificación / Baixa](#)
  - [Relación de ubicacións](#)
- [Solicitud de instalación de software en labs docentes](#)
- Grupos de investigación: Alta de [equipos](#) / [usuarios](#)
- [Info sobre sinatura de actas](#)

Esta guía esta dispoñible na propia páxina web do SIATEC.